

Terra Chá, A

Arciprestado da diocese de Mondoñedo-Ferrol conformado, en 1960, por 22 parroquias emprazadas cos concellos de Castro de Rei, Cospeito, Outeiro de Rei e Castroverde. En 1988 o número de freguesías que o configuraban ascendía a 38 e localizábanse, ademais de nos concellos ditos, nos de Pol e Vilalba.

Coa reforma creada polo decreto episcopal de 19 de xuño de 2006, esta unidade territorial da administración diocesana amplía considerablemente o seu territorio. Consonte o decreto, adscribíense ó arciprestado da Terra Chá as parroquias pertencentes á diocese mindoniense situadas nos concellos de Abadín, Begonte, Castro de Rei, Castroverde, Cospeito, Guitiriz, Muras, Outeiro de Rei, A Pastoriza, Pol, Vilalba e Xermade.